

“**ENTRUIDO XALLEIRO**” **NO BARRIÉ**

Este ano no CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza imos celebrar o *Entruido* coas seguintes actividades:

Xoves de compadres e comadres

O **xoves 17 de febreiro** é o xoves de **compadres**: as alumnas elaborarán os bonecos nas súas casas e terán que traelos ata ese día. Os bonecos expóranse en diferentes zonas do centro durante unha semana: portas, murais, cortizas, dentro das aulas...

O **xoves 24 de febreiro**, é o xoves de **comadres**: os alumnos elaborarán as bonecas nas súas casas e terán que traelos ata ese día. As bonecas expóranse en diferentes zonas do centro durante unha semana.: portas, murais, cortizas, dentro das aulas...

Esta actividade é de carácter voluntario. A exposición recollerase nunha galería de imaxes que poderedes ver na páxina web do centro.

Os mandadiños da Meca

- **Luns 21**: pano na cabeza ou peiteado orixinal
- **Martes 22**: mandil
- **Mércores 23**: botas de goma/auga
- **Xoves 24**: camisa de cadros, flores, raias, debuxos...
- **Venres 25**: entruideiros/as

Este curso a **Meca** déixanos os seguintes **mandadiños**:

O **luns** érguete cedo e á escola virás,

un pano ou peiteado orixinal na cabeza traerás.

Se che gusta o Entruido de aquí

o **martes**, atado a cintura, traerás un mandil.

O galego sempre é o mellor idioma,

o axeitado para o **mércores** son as botas de goma.

O **xoves** moi elegante virás,

unha camisa de cadros, flores, debuxos ou raias vestirás.

Dende os 3 anos ata os máis madureir@s

o **venres** viremos tod@s, vestidos de entruideir@s.

Na páxina web do centro poderedes ver unha galería de imaxes coas fotografías que se vaian tomando cada día.

Xoves 24 de febreiro

A compañía de títeres Cachirulo Teatro amenizará a xornada co espectáculo “As xeneralas da Ulla” en dous pases ao longo da mañá para respectar o protocolo covid.

Desfile de Entruido

O **venres día 25 de febreiro** conmemoraremos o “Entruido Xalleiro”. Para iso o alumnado virá **disfrazado** da casa **de entruideiros/as** utilizando roupas vellas (da súa avoa/avo,nai/pai...) que atopen no fogar.

Se a meteoroloxía o permite, realizaremos unha dramatización evocando o antigo *Entruido Xalleiro* no centro. Cada zona de patio (asignada a cada aula) representará a cada unha das parroquias de Santa Comba. Cada parroquia/clase desfilará diante das outras amosando os seus disfraces. Correrán o *entruído* pedindo agasallos a cada parroquia. Os presentes típicos (ovos, flores, moedas, chourizos, orellas, etc.) elaboraranse na materia de educación plástica. Cada grupo-clase permanecerá na súa respectiva zona de patio ata que chegue a súa quenda para desfilas, seguindo o percorrido establecido e respectando todas as medidas COVID.

Poderedes acceder ás imaxes desta celebración a través da páxina web do centro.

O horario desta xornada non sufrirá modificacións.